



CONCELLOS

ALFOZ

Anuncio

Información pública

Aprobado por Decreto da Alcaldía, do vinte e oito de novembro de 2019 os seguintes padróns correspondentes ao terceiro trimestre de 2018:

- ◆ Padrón da taxa polo abastecemento de auga, no que se inclúe o canon de auga, taxa de vertedura e dereito de acometida.
- ◆ Padrón da taxa por recollida de lixo

De conformidade co disposto na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, O Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, e as ordenanzas reguladoras correspondentes, expónse ó público polo prazo de quince días contados dende o seguinte ao da publicación deste edicto no BOP de Lugo, a efectos de exame e reclamacións. Fixase o período de cobro en voluntaria dende o 11 de setembro ata o 11 de novembro de 2019, ámbolos dous inclusive.

A falta de pagamento no período voluntario no tocante a auga, lixo e dereito de acometida, pasarase ó seu cobro pola vía de constrinximento, coas recargas previstos no artigo 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

E canto ao canon da auga e taxa de vertedura, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia

Recurso; Contra o acordo de aprobación dos padróns de abastecemento de auga e recollida de lixo poderá interperse recurso de reposición. O prazo de presentación será un mes contado dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns ante o Alcalde.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdición.

A repercusión do canon da auga e taxa de vertedura poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de un mes dende que se entende producida a notificación

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria

Alfoz, 29 de novembro de 2019.- O Alcalde, JORGE VAL DIAZ.

R. 3660

BECERREÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía, de data 27/11/2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de outubro do 2019 do prezo público pola prestación do servizo de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da

publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 27/01/2020. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerra, 28 de novembro de 2019.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3661

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía n.º 205 de data 7 de novembro de 2019 aprobáronse as bases para selección e contratación temporal dous peóns de obras, un auxiliar administrativo e un técnico de turismo ao abeiro do Programa Fomento do Emprego do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2019 da Deputación Provincial.

Tipo e duración do contrato: Dous peóns de obras a xornada parcial (75% da xornada) por un período de 9 meses, un auxiliar administrativo a xornada parcial (75 % da xornada) por un período de 6 meses e un técnico de turismo a xornada completa (100 % da xornada) por un período de 9 meses.

Lugar e prazo de presentación das solicitudes: No rexistro do Concello de Folgoso do Courel no prazo de 7 días naturais.

As bases completas están expostas no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Folgoso do Courel.

Folgoso do Courel, 28 de novembro de 2018.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 3638

A FONSAGRADA

Anuncio

MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 4/2019

O Pleno do Concello de A Fonsagrada, en sesión extraordinaria celebrada o día 03.12.2019, acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos 4/2019, entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto .

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerárase aprobado definitivamente devandito Acordo.

A Fonsagrada, 4 de decembro de 2019.- O alcalde, Carlos López López.

R. 3698

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO. Expte. 1028/2019

Aprobado polo Pleno desta Corporación en sesión celebrada o 28 de novembro de 2019 o expediente de modificación orzamentaria consistente en transferencia de crédito entre aplicacións de distinta área de gasto por importe de 45.155,60 €, en cumprimento do disposto no artigo 179.4 en relación co 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, expónse ao público, durante un prazo de quince días hábiles, na Secretaría Xeral do Concello, que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de que podan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, que deberán dirixirse á Sra. Alcaldesa-Presidenta deste Concello.

Guitiriz, 29 de novembro de 2019.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3663

Anuncio

Aprobación inicial da modificación da RPT (6ª modificación). Texto refundido RPT. Expte: 845/2019.

Por acordo plenario de data 28/11/2019 aprobouse inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT (Anexo I) e o Texto refundido da RPT ano 2020 (Anexo II).

O que se publica concedendo un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións.

Guitiriz, 29 de novembro de 2019.- A alcaldesa, María Sol Morandeira Morandeira.

R. 3664

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2020 DO CONCELLO DE GUITIRIZ. EXPTE. 876/2019

Na sesión do Pleno da Corporación celebrada o 28 de novembro de 2019 aprobouse inicialmente o Orzamento xeral para o exercicio económico de 2020. Ao abeiro do disposto no artigo 169.1 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e disposicións concordantes, expónse ao público na Secretaría deste Concello, polo prazo de quince días hábiles que empezarán a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín

Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren oportunas, que se dirixirán á Alcaldía-Presidencia desta Corporación. No caso de non presentarse reclamacións, considerarase definitivamente aprobado o orzamento.

Na mesa sesión indicada, en cumprimento do establecido no artigo 103.bis) da Lei 7/1985, do 2 de abril aprobouse a masa salarial do persoal laboral correspondente ao mesmo exercicio económico, ascendendo á contía de 1.006.157,18 €.

Guitiriz, 29 de novembro de 2019.- A Alcaldesa, Marisol Morandeira Morandeira.

R. 3665

GUNTÍN

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de 25 de novembro de 2019, prestouse aprobación inicial ao Padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, no que se inclúe o canon da auga correspondente ao sexto bimestre do ano 2018.

Exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Recurso: Contra o Decreto de aprobación do padrón da taxa polo abastecemento de auga a domicilio, poderá interperse recurso de reposición.

Prazo de presentación do recurso: Un mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público dos padróns.

Órgano ante o que se recorre. Alcalde-Presidente do Concello de Guntín.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, que no seu caso se formule, poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establezan na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo dun mes desde que se entende producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobro dos mesmos, os recibos seranlles cargados nas contas bancarias respectivas, e fíxase como período de cobro voluntario o prazo de dous meses, desde o 25 de novembro de 2019 ata o 24 de xaneiro de 2020. Finalizado o exercicio pasarase ao seu cobro pola vía de constrinximento, cos recargos previstos no artigo 28 da Lei 58/2003 de 17 de decembro, Facenda Pública, Lei Xeral Tributaria, a través do Servizo Provincial de Recadación da Excm. Deputación Provincial de Lugo.

No tocante ao canon da auga, a falta de pago no período voluntario suporá a súa esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Guntín, 25 de novembro de 2019.- A Alcaldesa, María José Gómez Rodríguez.

R. 3666

LUGO

Anuncio

Na sesión plenaria ordinaria de data 28.11.2019 adoptouse o acordo número 3/157 polo que se aprobou inicialmente o Orzamento Xeral así como o cadro de persoal e a súa documentación complementaria para o ano 2020, polo que en cumprimento do establecido no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais exponse ao público na Intervención Xeral Municipal do Concello, por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do presente edicto no B.O.P., para os efectos de presentación de reclamacións nos termos sinalados nos artigos 169 e 170 dese mesmo texto legal.

Transcorrido dito prazo sen que se presenten reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o devandito acordo, de conformidade co artigo 169.1 do citado texto legal.

Lugo, 29 de novembro de 2019.- A EXCMA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE LUGO, Lara Méndez López.

R. 3667

PARADELA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE PARADELA.

O Pleno deste Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de novembro do 2019, aprobou inicialmente o Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Paradelas, confeccionado pola empresa SEAGA (Empresa pública de Servizos Agrarios, SA), ao abeiro do convenio ao que este concello está adherido, suscrito pola colaboración entre a Xunta de Galicia, FEGAMP e SEAGA, en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

O citado plan expónse ao público durante o prazo de 20 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica municipal [<https://www.paradela.es>], computándose o prazo a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse as alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados. O plan estará exposto fisicamente, durante o mencionado prazo, nas oficinas da casa do concello, en horario de 9:00 a 14:30 horas.

Paradela, 28 de novembro de 2019.- O Alcalde-Presidente, José Manuel Mato Díaz.

R. 3668

Anuncio

O Pleno deste Concello aprobou inicialmente, na sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2019, o **Regulamento de funcionamento do Viveiro de Empresas do Concello de Paradelas, así como da ordenanza fiscal reguladora do prezo público**, en cumprimento do disposto nos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e o artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, sométese o expediente a información pública polo prazo de trinta días, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que poida ser examinado e sexan presentadas as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo ata entón provisional.

Paradela, 28 de novembro de 2019.- O Alcalde, José Manuel Mato Díaz.

R. 3669

SARRIA

Anuncio

Expediente núm.: 1614/2019

Procedemento: Modificación artigo 3 apartado 3 da OF IBI

PUBLICACIÓN DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IBI

O Pleno do Concello de Sarria na sesión ordinaria celebrada o 28 de novembro de 2019 acordou a aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de bens inmobles (artigo 3, apartado terceiro) expediente 1614/2019, que someteuse, en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a información pública polo prazo de trinta días hábiles para que os interesados puideran examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimasen oportunas.

A publicación no BOP realizouse o 2 de outubro de 2019 (número 227). No xornal “La Voz de Galicia” o 1 de outubro de 2019 e no “Progreso” o 30 de setembro de 2019. Durante devandito prazo de exposición ao público, presentou alegacións (2019-E-RC-6987) o 4 de novembro de 2019 don Miguel Tome López en calidade de responsable de Unións Agrarias UPA na comarca de Sarria.

Vistas as alegacións e os informes de secretaria e intervención o pleno acordou aceptalas e aprobar definitivamente o seguinte texto:

TERCEIRO. Para o caso específico de que nos inmobles se desenvolvan actividades agrarias, gandeiras ou forestais declaradas de especial interese ou utilidade municipal aplicaranse as seguintes bonificacións:

Gozarán dunha bonificación de ata 95% da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean situados unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias, gandeiras ou forestais, que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración.

No suposto de que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no parágrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto non declaradas de especial interese ou utilidade municipal, aplicaráselle a seguinte bonificación:

- a) Unha bonificación do 80% cando o valor catastral das construcións declaradas de especial interese ou utilidade municipal sexa inferior ao 100% ou igual ou superior ao 70% do valor catastral total do inmovible.
- b) Unha bonificación do 60% cando o valor catastral das construcións declaradas de especial interese ou utilidade municipal sexa inferior ao 70% ou igual ou superior ao 50% do valor catastral total do inmovible.
- c) Unha bonificación do 40% cando o valor catastral das construcións declaradas de especial interese ou utilidade municipal sexa inferior ao 50% ou igual ou superior ao 30% do valor catastral total do inmovible.
- d) Unha bonificación do 20% cando o valor catastral das construcións declaradas de especial interese ou utilidade municipal sexa inferior ao 30% ou igual ou superior ao 10% do valor catastral total do inmovible.
- e) Unha bonificación do 5% cando o valor catastral das construcións declaradas de especial interese ou utilidade municipal sexa inferior ao 10% do valor catastral total do inmovible."

O inmovible virá identificado pola correspondente referencia catastral.

A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo e xurdirá efectos a partir do período impositivo seguinte á presentación da solicitude. Xunto coa solicitude da bonificación presentarán a certificación catastral na que se acredite a titularidade do inmovible e o uso agrario da construción.

A bonificación manterase para exercicios futuros sempre e cando se manteñan as condicións ou requisitos esixidos para a aplicación do beneficio fiscal. Os obrigados tributarios deberán comunicar ao Concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación da bonificación. O órgano competente poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura do devandito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual maneira procederase cando sexa a Administración a que coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou requisitos para a aplicación da bonificación.

Sarria, 29 de novembro de 2019.- O Alcalde, Claudio Melquiades Garrido Martínez.

R. 3670

VILALBA

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN 2/2019 DAS BASES DE EXECUCIÓN DO PRESUPOSTO 2019. RELACIÓN NOMINAL DE SUBVENCIÓNS

Para os efectos do establecido no art. 169 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, exponse ó público, durante o prazo de **15 días hábiles**, o expediente da “*Modificación 2/2019 das Bases de Execución do presuposto 2019: relación nominal de subvencións*”, que se aprobou inicialmente polo **Concello Pleno o día 28/11/2019**, ó obxecto de que, a partir do día seguinte ó da súa inserción, os interesados poidan examinar o expediente, e/ou presentar as reclamacións ou alegacións que estimen oportunas, ante o Pleno, e entenderase elevado a definitivo se non se presentase ningunha reclamación e/ou alegación.

Vilalba, 29 de novembro do 2019.- A alcaldesa. Elba Veleiro Fernández.

R. 3672

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 1 BURGOS

Anuncio

D. JULIO LUCAS MORAL, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 001 de BURGOS, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 104/2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D. JUAN LUIS GABARRI PISA contra GECONSA ESPJ ENTIDAD SIN PERSONALIDAD JURIDICA, LUCIA TEJEDO MUINA, MIGUEL ANGEL SIMON CABELLO sobre ORDINARIO, se ha dictado la siguiente resolución:

“AUTO

Magistrado/a-Juez Sra. D.^a EVA CEBALLOS PÉREZ-CANALES

En BURGOS, a once de noviembre de dos mil diecinueve.

Dispongo: Despachar orden general de ejecución de sentencia firme dictada por este Juzgado el 13 de junio de 2019 en demanda PO 700/18 a favor de la parte ejecutante, D. JUAN LUIS GABARRI PISA, frente a GECONSA ESPJ ENTIDAD SIN PERSONALIDAD JURIDICA, D.^a LUCIA TEJEDO MUINA y D. MIGUEL ANGEL SIMON CABELLO, parte ejecutada, en forma solidaria, por importe de 2.968,69 euros en concepto de principal, más otros 148 euros que se fijan provisionalmente en concepto de intereses que, en su caso, puedan devengarse durante la ejecución y otros 296 euros por las costas de ésta, sin perjuicio de su posterior liquidación”.

“DECRETO

Letrado de la Administración de Justicia D. JULIO LUCAS MORAL.

En BURGOS, a doce de noviembre de dos mil diecinueve.

PARTE DISPOSITIVA

Se acuerda el embargo de bienes de la mercantil ejecutada GECONSA ESPJ ENTIDAD SIN PERSONALIDAD JURIDICA, hasta alcanzar las cantidades descritas en el antecedente de hecho único de la presente resolución, en concreto:

Código Seguro de Verificación E04799402-Ml:qBoa-DXxi-o5SK-ohbv-Z Puede verificar este documento en <https://www.administraciondejusticia.gob.es>

** Saldos en cuentas de cualquier clase de las que sea titular la parte ejecutada, en las entidades bancarias que han firmado el convenio de colaboración con el Consejo General del Poder Judicial, llevándose a cabo vía telemática, a través de la aplicación informática.*

** Devoluciones por IRPF, o por cualquier otro concepto a las que tenga derecho y se encuentre/n pendiente/s de percibir la ejecutada, de la Agencia Tributaria, embargo que se llevará a efecto por vía telemática, a través de la aplicación informática.*

** Crédito a favor de la ejecutada GECONSA ESPJ ENTIDAD SIN PERSONALIDAD JURIDICA, ostentados por las siguientes empresas, hasta cubrir el importe por el que se ha despachado ejecución.*

- SENRA ALQUILER Y VENTA SL

Se acuerda el embargo de bienes de los ejecutados LUCIA TEJEDO MUINA y MIGUEL ANGEL SIMON CABELLO, hasta alcanzar las cantidades descritas en el antecedente de hecho único de la presente resolución, en concreto:

** Saldos en cuentas de cualquier clase de las que sea titular la parte ejecutada, en las entidades bancarias que han firmado el convenio de colaboración con el Consejo General del Poder Judicial, llevándose a cabo vía telemática, a través de la aplicación informática.*

** Devoluciones por IRPF, o por cualquier otro concepto a las que tenga derecho y se encuentre/n pendiente/s de percibir la ejecutada, de la Agencia Tributaria, embargo que se llevará a efecto por vía telemática, a través de la aplicación informática”.*

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a GECONSA ESPJ ENTIDAD SIN PERSONALIDAD JURIDICA, D.^a LUCIA TEJEDO MUINA y D. MIGUEL ANGEL SIMON CABELLO, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En BURGOS, a doce de novembro de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO/A DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3530

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 2 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en fecha 26/11/2019, en el proceso seguido a instancia de ELISEO GARCIA BLANCO contra MARCOS MOREIRA S.L.U., en materia de reclamación de cantidad, registrado con el nº 484/2019 se ha acordado citar a MARCOS MOREIRA S.L.U. con último domicilio conocido en C/ Castelao nº 77 5ºB Sarria (Lugo), en ignorado paradero actualmente, a fin de que comparezca el día 21 de febrero de 2020, a las 9:50 horas para el acto de conciliación, y a las 10:00 horas, para la celebración del acto de Juicio, que tendrán lugar en la Sala de Vistas de este Juzgado de lo Social número 2 sito en C/ ARMANDO DURAN Nº 1, LUGO debiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Asimismo se ha acordado citar para su asistencia al acto del juicio al representante legal de MARCOS MOREIRA S.L.U., a fin de practicar, en su caso, la prueba de interrogatorio de parte solicitada por el demandante, con apercibimiento que, de no comparecer y ser admitida la prueba propuesta, se podrán tener por ciertos los hechos de la demanda en que hubiere intervenido personalmente y le resultaren en todo o en parte perjudiciales.

Se advierte a los destinatarios que las siguientes comunicaciones se harán en los estrados de este Juzgado, salvo las que deban revestir forma de auto o sentencia, o se trate de emplazamiento.

Y para que sirva de citación a MARCOS MOREIRA S.L.U., y al representante legal de la misma, se expide la presente cédula para su publicación en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a veintiséis de noviembre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3673

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - XOVE

Anuncio

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2019-0787 DO 29 DE NOVEMBRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE ESCAPARTAES DE NADAL 2019-2020

BDNS (Identif.) :484574

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. Beneficiarios, requisitos e prazo de presentación de solicitudes de participación.

Poderán participar no concurso todos aqueles establecementos comerciais situados na localidade de Xove independentemente do produto que oferten ao público.

A documentación a presentar será a seguinte:

-Folla de inscrición establecida ao efecto

A folla de inscrición deberá presentarse no Rexistro de Entrada antes das 14:00 horas do día 9 de decembro. No suposto de que un comercio teña varios establecementos, poderá presentar tantas Follas de Inscrición como escaparates opten ao concurso.

Segundo. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de escaparatismo de nadal 2019-2020

Terceiro. Bases reguladoras

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

Cuarto. Contía dos premios

Haberá un único premio para o escaparate que acade máis “me gusta” que consistirá en 250,00 Euros.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non está suxeito a retención o premio anterior.

XOVE, 2 DE DECEMBRO DE 2019.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 3675
